

A patronal coruñesa outórgalle o Premio Liderado Empresarial ao presidente do Modelo

A CEC premia a traxectoria empresarial de Ramón Cobián Varela

A Confederación de Empresarios de La Coruña concedeu o Premio Liderado Empresarial, na súa terceira convocatoria, a Ramón Cobián Varela, quen durante corenta anos dirixiu o Grupo Hospitalario Modelo, o primeiro centro médico privado da cidade.

Deste xeito, a patronal coruñesa recoñece a traxectoria empresarial dun médico anestesista de recoñecido prestixio que dedicou boa parte da súa vida, máis de corenta anos, a compatibilizar a súa actividade profesional coa dirección, xestión e presidencia dun centro hospitalario moderno e exemplar, que na actualidade dá ocupación a 175 médicos vinculados, a máis de 350 traballadores e que cada ano atende a case 200.000 pacientes.

O xurado, integrado polo Comité Executivo da Confederación de Empresarios, valorou especialmente o esforzo realizado para conseguir que un modesto hospital creado en 1946 se transformara, grazas á xestión do galardoado, nun centro de referencia para todos os galegos.

Ramón Cobián asumiu en 1955 a dirección do Modelo, propiedade da súa familia, e situou o centro entre os máis importantes de España, ao saber transformar cualitativamente e cuantitativamente o hospital clínico co que se encontrou nun moderno centro hospitalario perfectamente equipado e preparado para asumir retos propios do século XXI.

Ramón Cobián convértese no terceiro empresario galardoado pola Confederación que preside Antonio Fontenla. En edicións precedentes fórono Santiago Rey Fernández-Latorre, presidente do Grupo Voz, e Carmela Arias y Díaz de Rábago, Condessa de Fenosa.



A entrega do Premio “Liderado Empresarial” tivo lugar o pasado 23 de xuño no transcurso dun acto que se desenvolveu no Hotel Finisterre da Coruña, ao que asistiron, entre outros, o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, e o alcalde da Coruña, Javier Losada de Azpiazu.